# Escola Internacional de Doutoramento

# Manual de Calidade

Índice 02

## Histórico de evolucións

| Índice | Data | Elaboración | Principais modificacións e motivo |
|---|---|---|---|
| 02 | 20.10.2025 | Área de Calidade<br>Dirección da Eido | Actualización do Manual por causa de<br>- Informe de avaliación do deseño do SGC de ACSUG 2019: precisións sobre o alcance do SGC.<br>-Inclusión do Propósito do Manual, e de referencias ao longo do documento aos ODS e aos estándares europeos de investigación (programa hr).<br>-Inclusión do ecosistema e grupos de interese da Eido<br>-Inclusión da Calidade e Sostibilidade na Eido: programas de calidade e sostibilidade<br>-Simplificación da información institucional: ligazóns ás webs institucionais (ex.: contexto, estratexia, calidade)<br>- Actualización das epígrafes:<br>-Percorrido histórico<br>-Presentación da Eido<br>-Referencias lexislativas e normativas<br>-Elementos estratéxicos da Eido<br>-Estrutura de calidade da Eido<br>-Mapa de procesos (Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na estrutura de procesos)<br>-Adaptación ás *Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento* (REACU, 2023)<br>-Substitución do anexo 1 (Política e obxectivos de calidade) por Mapa de procesos e eliminación (simplificación) dos anexos 2 (listaxe de procedementos en vigor, e 3 Listaxe de distribución da documentación de calidade).<br>-En xeral, mellora da visualización dos contidos |
| 01 | 27.11.2018 | Área de Calidade | Cambios nas epígrafes:<br>-Estrutura institucional de calidade: actualización das competencias dos órganos de goberno e nova referencia aos grupos de investigación.<br>-Procesos do SGC: orientación cara un SGC institucional e actualización do nome dalgúns procesos. |
| 00 | 27.04.2017 | Área de Calidade | Creación do Manual de calidade da Eido, no marco do programa Fides-Audit (sistemas de garantía de calidade). |

| VALIDACIÓN | APROBACIÓN |
|---|---|
| Comisión de Calidade da Eido | Comité de Dirección da Eido |
| 18.11.2025 | DD.11.2025 |

# Índice

## Contenido

Histórico de evolucións 2

PRESENTACIÓN 4

Propósito do Manual 4

Xestión do Manual 4

Introdución: Contexto 5

A ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO) 7

Presentación [Texto web Eido] 7

Percorrido histórico e fitos principais da Eido 9

ECOSISTEMA E GRUPOS DE INTERESE DA EIDO 10

Ecosistema Eido: Esquema de representación dos grupos de interese (GI) 10

Referencias lexislativas e normativas 11

ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DA EIDO 13

Estratexia institucional 13

Estratexia da Eido 13

CALIDADE E SOSTIBILIDADE NA EIDO 14

Estrutura 14

Programas de Calidade e Sostibilidade 18

V ANEXOS 22

# PRESENTACIÓN

## Propósito do Manual

O obxecto do presente Manual de Calidade (en adiante, Manual) é describir a xestión da calidade, incluído o SGC, como un dos elementos que forman parte do sistema de xestión da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.

O Manual presenta como a Eido dispón, a través do SGC, de procesos que describen o modo de levar a cabo as actividades ligadas ao deseño, desenvolvemento, implantación e mellora dos programas de doutoramento, así como da propia Eido.
Tamén, serve de base para estruturar, ademais do SGC, todos os programas de calidade da Eido.

Ademais, fai referencia e integra as bases para o desenvolvemento sostible e a aliñación, nas actividades da Eido, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos polas Nacións Unidas.

En síntese, trátase dun documento corporativo e estratéxico que facilita a comunicación dos obxectivos e logros en materia de calidade e sustentabilidade da Eido, o que contribúe a realizar un exercicio de transparencia, conformidade e rendemento de contas para todos os grupos de interese da Escola, tanto internos como externos.

## Xestión do Manual

As diferentes versións do Manual son redactadas pola Dirección da Eido, en colaboración coa Área de Calidade, validadas pola Comisión de Calidade e aprobadas no Comité de Dirección. Cada modificación supón unha evolución do seu índice, a partir do orixinal (00). A Dirección da Eido garante a súa divulgación. As versións consideradas orixinais están dispoñibles na web da Eido.
Os documentos anexos, de ser o caso, poden ser modificados de xeito independente. Neste caso, a Comisión de Calidade está facultada para aprobalos.

## Introdución: Contexto

### Percorrido histórico

- 1998 Declaración da Sorbona (París, Francia): compromiso para desenvolver un Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)
  - 1999 Declaración de Boloña (Italia): establece como obxectivo fundamental a promoción da cooperación europea en calidade co obxecto de desenvolver criterios e metodoloxías comparables no EEES. Converxencia europea 2010.
  - 2005 Declaración de Bergen (Noruega): principios do nivel doutoral (3º ciclo)
  - 2024 Comunicado de Tirana (Albania): visión EEES 2030 inclusivo, innovador e interconectado. Universidades como actores clave nos ODS 2030.

- 2001 Leis orgánicas de universidades
  - LO 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril: define a estrutura dos ensinos universitarios en tres ciclos: grao, mestrado universitario e doutoramento.
  - LO 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU): promoción da internacionalización e da mobilidade, formación ao longo da vida
  - Desenvolvemento lexislativo estatal e autonómico: marco para mellorar a calidade nos estudos de doutoramento[2]




- 2005 Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no EEES establecidos por ENQA[1] e os seus membros e entidades colaboradoras (ESG/ENQA): conxunto de orientacións, valores, expectativas e boas prácticas centradas na calidade e á súa garantía amplamente compartidas entre as institucións e as axencias do EEES.
  - 2015 –Revisión → ESG/ENQA 2015: inciden na conexión da ensinanza e da aprendizaxe coa investigación e coa innovación, isto é, co Espazo Europeo de Investigación (EEI). Vías de aprendizaxe flexibles, dixitais e transnacionais.

- 2005 Carta Europea do Persoal Investigador: principios e estándares europeos para as entidades de investigación orientados a consolidar un Espazo Europeo de Investigación (ERA, *European Research Area*) unificado e aberto ao mundo, baseado nun mercado interior no que persoal de investigación, coñecemento científico e tecnoloxía circulen libremente.
  Estudos de doutoramento como fase inicial da formación investigadora.
  - 2023 –Revisión → *The European Charter for Researchers*: integridade científica, ciencia aberta, *ResearchComp* e sostibilidade na investigación.

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- 2007 Protocolos das axencias de calidade para xestionar os programas de calidade no EEES
  - 2015 Programa Fides-AUDIT (ACSUG[3]):
    - Guía para o deseño dos SGC no SUG
    - Guía para a certificación da implantación dos SGG no SUG
  - 2023 Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (REACU)

Todo este marco lexislativo e normativo debe permitir demostrar a calidade dos estudos de doutoramento, aumentar a súa transparencia e axudar a crear unha confianza mutua e un maior recoñecemento e das súas cualificacións e programas formativos.

## Contexto institucional - UVigo

- 2019 Estatutos da UVigo

*Art. 2 Fins*

*Son fins da Universidade de Vigo:*

*1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de **calidade** e de excelencia.*

*2. Ofrecer unha educación superior de **calidade** que contribúa á formación integral do seu alumnado.*

*10. Fomentar o **desenvolvemento sustentable**, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado.*

*11. Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara á **cultura da calidade**, do desenvolvemento persoal, da avaliación e do rendemento de contas.*

Calidade na UVigo e Estrutura organizativa institucional sobre calidade

Programas de Calidade

Certificacións e acreditacións

ODS e Sustentabilidade

# A ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)

## Presentación [Texto web Eido]

A EIDO é un centro de educación superior universitaria da Universidade de Vigo que ten a finalidade de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias de doutoramento.

A Escola conta cunha ampla experiencia na formación de doutoras e doutores, fomentando a realización de tese de calidade. Concíbese como unha escola inter e multidisciplinar, que xestiona, mediante programas de doutoramento (PD), os proxectos formativos de doutoramento da Universidade de Vigo en todos os ámbitos de coñecemento, procurando a máxima transversalidade e contribuíndo á internacionalización na formación das persoas investigadoras.

A creación da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo fíxose efectiva coa publicación do Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do sistema universitario de Galicia (DOG do 26 de xuño de 2013). Con posterioridade, notificóuselle a creación da devandita escola ao Ministerio de Educación a través de Dirección Xeral de Política Universitaria para os efectos da súa inscrición no rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) co código 36020684.

Os obxectivos, a natureza, os fins, os recursos e a estrutura organizativa e de responsabilidades dos órganos da Eido están descritos no seu RRI, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade o 14 de outubro de 2014.

## Estrutura organizativa

### Órganos de Goberno

### Administración e servizos

[actualizar imaxe da estrutura administrativa]

## Percorrido histórico e fitos principais da Eido



# ECOSISTEMA E GRUPOS DE INTERESE DA EIDO

## Ecosistema Eido: Esquema de representación dos grupos de interese (GI)

O Mapa dos GI identifica os GI internos (no ámbito da UVigo) e externos á Eido, a intensidade da súa relación e influencia e o marco de comprensión das principais tendencias do ecosistema.

Esta identificación facilita o deseño e desenvolvemento da Estratexia da Eido. Tamén, orienta o modelo para analizar as necesidades e expectativas dos seus grupos de interese clave ou relevantes, así como para avaliar a súa satisfacción coa prestación dos servizos funcionais da Eido.

[esquema e/ou táboa dos grupos de interese]



## Referencias lexislativas e normativas

### Lexislación e normativa básica

INTERNACIONAL

- Recomendación do Consello, do 18 de decembro de 2023, sobre un marco europeo para atraer e reter a talentos de investigación, innovación e emprendemento en Europa. Anexo II Carta Europea do Persoal Investigador.

ESTATAL

- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- RD 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o RUCT, modificado polo RD 822/2021, do 28 de setembro, e polo RD 905/2025, do 7 de outubro.
- RD 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.
- RD 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo RD 534/2013, do 12 de xullo, polo RD 43/2015, do 2 de febreiro, polo RD 195/2016, do 13 de maio, e polo RD 576/2023, do 4 de xullo.
- RD 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), modificado polo RD 22/2015, do 23 de xaneiro, e polo RD 96/2014, do 14 de febreiro.
- RD 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor (SET).
- RD 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación (EPIF), modificado polo RD-lei 1/2023, do 10 de xaneiro, e polo RD 1251/2024, do 10 de decembro.
- RD 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade, modificado polo RD 889/2022, do 18 de outubro, e polo RD 905/2025, do 7 de outubro.
- RD 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.

AUTONÓMICA

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, modificada polas Leis 7/2019, do 23 de decembro, 18/2021, do 27 de decembro, e 5/2024, do 27 de decembro.
- Decreto 222/2011, do 2 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015, do 5 de novembro.

- Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do sistema universitario de Galicia.

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da UVigo.
- Regulamento de estudos de doutoramento (RED) da UVigo, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xullo de 2012, última versión ratificada polo Consello de Goberno o 20.06.2024.
- Regulamento de réxime interno da Escola Internacional de Doutoramento da UVigo, aprobado polo Consello de Goberno o 14 de outubro de 2014.
- Regulamento de Estudantes da UVigo, do 26 de maio de 2021, modificado o 6 de xullo de 2021.

## Normas e estándares de calidade

- Criterios e Directrices para a Garantía de calidade no EEES (ESG/ENQA 2015).
- Directrices e orientación para a AI de centros que imparten PD (REACU, 2023)
- Programa Fides-Audit. Guía para deseñar os sistemas de garantía de calidade (ACSUG, 2015).
- Norma UNE-EN ISO 9000:2015: sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Guías e directrices sobre a verificación, seguimento, modificación e acreditación dos programas de doutoramento (REACU, ACSUG e outras axencias de calidade).
- Enfoque Europeo para a Garantía de Calidade dos programas conxuntos internacionais *(European Approach for QA of Joint Programmes)*

## Outras referencias

- Obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU e a Axenda 2030.
- *THE University Impact Ranking* e outras métricas internacionais en materia de sostibilidade e da Axenda 20230 das Nacións Unidas.
- Regulamento e manuais de uso da lingua galega da UVigo.

A normativa que atinxe ás actividades da Universidade pode atoparse no seguinte repositorio institucional:
https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa

# ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DA EIDO

## Estratexia institucional

O Plan Estratéxico da UVigo, que incorpora a súa misión, visión, eixes estratéxicos e obxectivos, así como os diferentes plans e políticas (ex.: divulgación científica, comunicación, igualdade, sostibilidade, internacionalización...) están dispoñibles na web institucional de Plans e Políticas.

## Estratexia da Eido

A estratexia da Eido, aliñada coa estratexia institucional, resulta a análise do ecosistema e dos grupos de interese.

Integra a Misión, a Visión, as liñas estratéxicas que conforman a Política de Calidade e os Obxectivos de Calidade, coas súas metas temporalizadas e os indicadores para a súa medición.

O desenvolvemento da estratexia (elaboración, aprobación, comunicación, implantación e actualización) establécese a través do proceso de Dirección Estratéxica.

# CALIDADE E SOSTIBILIDADE NA EIDO

## Estrutura

O desenvolvemento dos programas de calidade e sostibilidade, tanto no ámbito estratéxico como operativo, ten un carácter participativo (órganos colexiados ou unipersoais, áreas e servizos, persoas diversas) baixo os

principios de interdependencia, coordinación e colaboración. Ademais dos xa establecidos a nivel institucional, son especialmente relevantes:

### Comité de Dirección

O Comité de Dirección da Eido, conforme ao RD 99/2011, é o órgano colexiado que realiza as funcións de organización e de xestión desta.

Como órgano colexiado de representación e de decisión da Eido, é o principal responsable dos programas de calidade e de sostibilidade (en particular, do SGC), é dicir, do seu desenvolvemento, implantación, revisión e mellora.

Ademais das funcións descritas no seu regulamento de réxime interno (RRI), correspóndelle aprobar:

- A estratexia da Eido.
- A documentación formal e operativa do SGC (manual de calidade, procedementos).
- As memorias de calidade e outros documentos (ex.: guías) que se consideren relevantes.

### Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Eido é un órgano colexiado.

As persoas que a integran son elementos clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade na Eido.

A comisión ten representación dos distintos grupos de interese relevantes na actividade da Eido, e constitúese para:

- Informar a estratexia da Eido e a súa revisión, cando proceda, así como o seu seguimento.

- Debater e validar, se procede, o manual de calidade e os procedementos de calidade da Eido. En particular, aprobar as modificacións dos seus anexos (formularios, guías...) cando evolucionen de xeito independente aos procedementos.
- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade e da sostibilidade da EIDO e dous seus programas de doutoramento adscritos, así como propoñer as melloras pertinentes.
- Colaborar coa implantación, co desenvolvemento e co seguimento dos programas de calidade e sostibilidade.
- Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da formación doutoral en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos os procesos académicos relativos á oferta formativa da Eido (verificación de novos programas; modificación, suspensión ou extinción dos existentes; procesos de acreditación), e emitir a súa valoración e de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater e propoñer a participación da Eido en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade e sostibilidade.

A composición da Comisión de Calidade debe seguir os estándares de igualdade da Universidade de Vigo e estará integrada polos seguintes membros:

- A dirección, que a preside.
- O/A coordinador/a de calidade, que actúa como secretario/a.
- Un/Unha responsable de calidade dos programas de doutoramento por cada ámbito recoñecido no RRI da Eido.
- O/A xefe/a do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ou persoa na que delegue.
- Un/Unha representante do estudantado de doutoramento.
- A dirección da Área de Calidade ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a superior de Calidade

Participarán tamén nas sesións, en calidade de persoas invitadas, con voz pero sen voto:

- Un/Unha representante do estudantado egresado.
- Un/Unha representante das entidades colaboradoras representadas no comité de dirección da Eido.

Ademais, poderán participar nas reunións da comisión de calidade outras persoas, particularmente responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento), representantes de programas de doutoramento, de áreas ou servizos, estudantes de doutoramento ou outras persoas, cando o seu asesoramento ou participación se estime oportuno e así se faga constar na convocatoria.

A elección dos membros non natos segue as seguintes normas:

- A dos responsables de calidade dos programas de doutoramento farase no Comité de Dirección, seguindo o mesmo procedemento que se utilice para a elección da representación dos/as coordinadores/as dos programas de doutoramento adscritos á escola na comisión permanente (artigo 12 do RRI da Eido).
- A do estudantado de doutoramento farase no Comité de Dirección polo estudantado que forma parte deste.
- A da representación do estudantado egresado farase no Comité de Dirección por designación da presidencia da comisión.
- A da representación das entidades colaboradoras farase no Comité de Dirección por designación da presidencia da comisión entre a representación das entidades neste.

A Comisión de Calidade reunirase polo menos dúas veces ao ano no marco da revisión de resultados do sistema de xestión.

## Comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)

As CAPDs, conforme ao RD 99/2011, son as responsables da definición, actualización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.

## A dirección

A persoa que desempeñe a dirección, asistida polo seu equipo de dirección, lidera, impulsa, coordina e supervisa as actividades da Eido (art. 14 do seu RRI).

É quen representa o centro e, neste sentido, é responsable da súa estratexia e o máximo responsable en materia de calidade e sostibilidade. Preside a Comisión de Calidade da Eido e é garante da difusión da cultura de calidade nela.

O equipo de dirección complétase coa secretaría académica e coas subdireccións que autorice o Consello de Goberno. Unha das persoas do equipo de dirección terá o encargo da coordinación de calidade.

## A coordinación de Calidade

A proposta do nomeamento da persoa coordinadora de calidade correspóndelle á dirección da Eido.

A súa misión principal será a de impulsar a implantación, o mantemento e a mellora dos distintos programas ligados á calidade e sostibilidade na Eido e nos seus programas adscritos, así como axudar á difusión da cultura de calidade.

A súas funcións son:

- Dinamizar a política de calidade da Eido e a consecucións dos obxectivos de calidade.
- Coordinar e dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a implantación dos programas de calidade (SGC, verificación, seguimento, modificación, acreditación...).
- Informar o equipo directivo sobre o desempeño dos programas de calidade e de calquera necesidade de mellora.
- Coordinar as actuacións das persoas responsables de calidade dos programas de doutoramento.
- Promover a comunicación entre os distintos grupos de interese e o equipo directivo en materia de calidade e de sostibilidade.
- Promover o coñecemento das responsabilidades sobre calidade das persoas implicadas.
- Supervisar, en colaboración coas persoas responsables de calidade dos programas de doutoramento, as accións de mellora que se determinen.
- Exercer a secretaría da Comisión de Calidade.

## Os responsables de calidade dos programas de doutoramento

Cada CAPD, no marco das súas responsabilidades sobre calidade no desenvolvemento do PD, nomeará a unha persoa responsable en materia de calidade, que ten como funcións a de colaborar coa Eido e, en particular, con quen coordine a calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos programas de calidade e sostibilidade.

## Programas de Calidade e Sostibilidade

## Programas orientados á avaliación de ensinanzas universitarias (programas de doutoramento)

Enfoque de Educación Superior: programas baseados na lexislación española, nos estándares europeos de educación superior (ESG/ENQA 2015) e nos protocolos das axencias de calidade nacionais.

Ciclo VSMA → Verificación, Seguimento, Modificación e renovación da Acreditación.

Os PD conxuntos internacionais poden empregar o Enfoque Europeo de Garantía de Calidade.

## Programas orientados á avaliación de centros e institucións

Programa Fides-Audit: Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Eido

O SGC da EIDO é un sistema centralizado e institucional, isto é, xeral da Universidade de Vigo para o ciclo de doutoramento, ao que están adscritos todos os PD da universidade. Está dirixido e xestionado desde a Dirección da Eido, en colaboración con outros servizos de soporte (Área de Calidade, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao). O seu deseño está certificado desde xullo de 2019, momento no que recibiu informe favorable da axencia de calidade competente, ACSUG.

Alcance

O alcance do SGC esténdese ao ciclo de doutoramento da Universidade de Vigo, isto é, á Eido e todos os seus programas de doutoramento adscritos, así como aos servizos asociados.

Obxectivos

O obxectivo final do SGC é mellorar a calidade da formación do estudantado, o que implica:

- Garantir a calidade das actividades formativas, a investigación e a xestión dos programas de doutoramento impartidas na Universidade de Vigo, e
- Satisfacer as expectativas e as necesidades dos grupos de interese relevantes.

Con todo isto, espérase:

- Responder aos compromisos ante a sociedade en xeral.
- Ofrecer a transparencia esixida no marco do EEES e no sector público.
- Incorporar estratexias para a mellora.
- Ordenar as iniciativas formativas e de xestión para que contribúan de xeito eficaz a garantir a súa calidade.
- Facilitar os procesos de acreditación dos programas de doutoramento implantados.

Procesos

O SGC estrutúrase, operativamente, a través dun sistema de procesos interconectados, que combina:

- procesos institucionais: as competencias de xestión principais son responsabilidade de órganos institucionais.
- procesos específicos: as competencias de xestión principais son responsabilidade de órganos específicos da Eido.

O mapa de procesos do anexo 1 reflicte de xeito gráfico esta estrutura, así como a súa relación coas Directrices e Orientacións de REACU.

As características dos procesos defínense nas fichas de proceso e, desenvólvense a través dos procedementos e outros documentos de apoio, en función das necesidades (véxase proceso de Xestión dos Documentos).

A listaxe de procedementos de calidade vixentes, co seu índice de evolución, está dispoñible na web da Eido



Directrices

O seguinte cadro recolle como o SGC da Eido harmoniza as directrices nacionais de REACU e ACSUG (programa Fides-Audit) e internacionais (ESG/ENQA 2015) e responde ás esixencias expresadas nelas.

| **Directrices do EEES**<br><br>**ESG/ENQA 2015** | **Directrices e orientacións de REACU**<br><br>**Directrices Fides-Audit (ACSUG)** | | **Procesos do SGC asociados** |
|---|---|---|---|
| 1.1 Política de calidade | 1Política e obxectivos de calidade | I+D+i e transferencia do coñecemento | ○ Manual de calidade<br>○ Estratexia da Eido<br>– Dirección Estratéxica<br>– Xestión da Documentación |
| 1.2 Deseño e aprobación dos programas | 2 Xestión do deseño dos programas<br>2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos | | – Xestión dos programas de doutoramento |
| 1.3 Ensinanza, aprendizaxe e avaliación centrados no estudantado | 3 Impartición dos programas formativos<br><br>3 Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantado | | – Formación dos/as investigadores/as<br>– Promoción e Captación<br>– Xestión Académica<br>– Avaliación e Mellora |
| 1.4 Admisión, evolución, recoñecemento e certificación do estudantado | | | |
| 1.5 Persoal docente | 4 Garantía e mellora do seu persoal académico e de apoio a docencia<br><br>4 Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos | | – Xestión das Persoas |
| 1.6 Recursos para a aprendizaxe e o apoio ao estudantado | 5 Garantía e mellora dos recursos materiais e servizos<br><br>5 Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos | | – Xestión da Infraestrutura<br>– Xestión Académica |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1.7 Xestión da información | 6 Resultados. Xestión da información<br><br>6 Información pública | | – Dirección Estratéxica |
| 1.8 Información pública | 7 Transparencia, difusión de actividades e programas e resultados<br><br>6 Información pública | | – Dirección Estratéxica |
| 1.9 Seguimento continuo e avaliación periódica dos programas | | | – Xestión dos programas de doutoramento |

Acreditación Institucional dos centros.

Programa HR Excelencia en investigación (*HR Excellence in Research*)



## Programas transversais

Sistema de QSP

## Programas de sostibilidade

Os estándares de desenvolvemento sostible están a integrarse, progresivamente, no funcionamento da Eido e dos seus PD, conforme a estratexia institucional e a Estratexia da Eido.

## Outros programas

A UVigo conta coa implantación, certificación e/ou acreditación doutros programas ou estándares institucionais (calidade, prevención de riscos laborais...), nos centros e institutos de investigación e nas facultades e escolas que contribúen a garantir e mellorar as capacidades e recursos da Eido e dos seus PD (ex.: infraestruturas e servizos, persoal).

A estratexia da Eido podería incorporar estándares de novos programas de calidade orientados ás ensinanzas (PD) e/ou a Escola.

# V ANEXOS

Anexo 1: Mapa de procesos

1 FIN DE LA POBREZA
9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA
12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES
14 VIDA SUBMARINA
4 EDUCACIÓN DE CALIDAD
5 IGUALDAD DE GÉNERO
10 REDUCCIÓN DE LAS DESIGUALDADES
16 PAZ, JUSTICIA E INSTITUCIONES SÓLIDAS